

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 20 de maio de 2020

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de maio de 2020**, ás 18.00 horas, mediante o **sistema de vídeo conferencia** (o enlace remitiráselles por correo electrónico) coa seguinte orde do día:

1. 2020/16F/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2020

2. 2018/7892X PRESIDENCIA

Resolución dos recursos de reposición formulados por “Canteras de Vilamartín SL” (CAVIMA) e por “Área Vital SL” contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Ourense do 24 de outubro de 2019, polo que se aprobou de maneira definitiva a relación de bens e dereitos afectados pola tramitación do expediente de expropiación para a execución da obra “proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, aprobado definitivamente por acordo do 26 de xullo de 2018 do Consello da Xunta de Galicia.

3. 2019/10026H PRESIDENCIA

Modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020

4. 2020/8341N NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre a introdución de melloras na asistencia e cooperación da Deputación aos concellos da provincia a causa do COVID 19

5. 2020/8706D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do BNG sobre un plan provincial único de cooperación cos concellos da Deputación de Ourense

6. MOCIÓN DE URXENCIA

7. ROGOS E PREGUNTAS

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.